



# Actividades

a)

*\* Procura as figuras da ilustración que poden ser consideradas iguais e as semellantes.*

Debuxa en clase dúas figuras calquera que sexan iguais e debuxa outra para ampliála coa cuadrícula achando a súa semellante.

*\* Lembra que se cada elemento da cuadrícula mide por exemplo 1 centímetro de lado e queremos que o debuxo semellante sexa o dobre de grande, os elementos que formen a nova cuadrícula deberán medir de lado 2 centímetros sendo esta relación (1 é a 2) a "razón de semellanza" entre ambos.*



## MATERIAIS


- \* Unha cartulina para dividir en dúas
- \* Regra, escuadra e cartabón
- \* Lapis
- \* Caderno para anotacións




b)

*\* Prepara unha rede regular que divida o plano e na que poidas encaixar un módulo por repetición.*

Este exercicio podes debuxalo sobre cartulina, pero tamén podes facer só a malla e recortar en papeis de cores as pezas que compoñan o módulo pegándoas logo para tratar de acadar efectos decorativos de debuxo, cor ou incluso volume.



89



*\* Utiliza para pintar cada zona lapis de cores e adica tempo primeiro a estudar como ten que ser o módulo para que cubra completamente a superficie do plano. Non é necesario construír redes tan complicadas como a da ilustración.*

## MATERIAIS

- \* Unha cartulina
- \* Caixa de lapis de cores
- \* Regra, escuadra, cartabón e lapis
- \* Se é con pezas
- \* Papel charol de cores e tesoiras
- \* Pegamento en barra